


Programa Voz Natura 15.ª edición.

Curso 2011-2012:

REFORESTEMOS



VOZ & NATURA



Inscríbete en voznatura.es

Bases

1.- Poden participar no programa os alumnos de educación infantil, primaria, secundaria, especial, bacharelato e formación profesional de calquera centro escolar de Galicia, escolas obradoiro e asociacións medioambientais.

2.- A participación será por equipos, baixo a dirección dun ou varios profesores ou educadores. Dadas as características do programa, considérase fundamental a colaboración de toda a comunidade escolar, mesmo cando a realización concreta do proxecto recaia sobre un equipo de profesores e se centre nun nivel determinado ou nun grupo de alumnos.

3.- A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, recoñecerá como **actividade de innovación educativa**, cunha equivalencia de quince horas de formación permanente do profesorado, a coordinación dos proxectos Voz Natura ao persoal docente de centros sostidos con fondos públicos dependentes da devandita Consellería. Así, ao final do curso, o/a coordinador/a de cada proxecto recibirá a súa correspondente **certificación**.

4.- Cada equipo participante implicarase no deseño, execución e seguimento dun proxecto bioambiental que deberá desenvolverse no centro educativo ou no municipio onde estea ubicado.

Proxecto de actuación

5.- A solicitude de participación realizarase utilizando o formulario de inscrición. Nel facilitaranse os datos relativos ao centro escolar, nome do director, responsable do proxecto e lista de colaboradores, plan detallado de acción, calendario de actividades, relación de necesidades materiais, orzamento de actuación e permisos correspondentes.

Preferentemente, a solicitude de inscrición realizarase **mediante a web voznatura.es antes do 31 de marzo do 2011**. Tamén é posible solicitar a participación no programa enviando, por correo postal, para a súa recepción pola Fundación antes da devandita data, orixinal e fotocopia do formulario ao enderezo de Voz Natura, Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, Avenida da Prensa, 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15142, Arteixo, A Coruña. Así mesmo, estas serán as direccións de Voz Natura a efectos das comunicacións que deban remitirse relacionadas co programa.

Aprobación de proxectos

6.- Un comité científico –integrado por destacados persoeiros do mundo da ciencia, a educación e a comunicación– seleccionará os proxectos en función da orixinalidade dos mesmos, o seu interese, a participación da comunidade educativa e a viabilidade. Examinará cada un e poderá formular cantas observacións considere oportunas, que deberán ser incorporadas ao proxecto definitivo.

7.- O comité científico cualificará os proxectos de 0 a 10 puntos, de acordo co seu nivel técnico científico e a súa cuantificación económica. Por cada punto outorgado, a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre financiará un 10% do traballo que se pretende realizar. Valoraranse especialmente aquelas propostas de acción directa sobre o medio, como recuperación de zonas degradadas, limpeza de ríos, plantación de árbores, eliminación de vertedoiros incontrolados, posta en valor e coidado do patrimonio etnográfico, etcétera.

8.- Nesta edición, Voz Natura quere concentrarse na reforestación, conservación e defensa dos espazos arbóreos como parte esencial do desenvolvemento sostible do planeta.

Por iso valoraranse especialmente aqueles proxectos que incorporen actividades relativas ao desenvolvemento e protección dos nosos bosques e recursos forestais, e que propicien as repoboacións con especies autóctonas, as limpezas e os hábitos saudables en favor destes ecosistemas.

9.- No mes de xuño do 2011, Voz Natura fará públicos no xornal La Voz de Galicia e na páxina web voznatura.es os proxectos aprobados e porase en contacto cos equipos seleccionados para comunicarlles a avaliación do comité científico e o financiamento concedido pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, así como para solicitarlles a relación definitiva e completa do material necesario para a realización dos proxectos.

10.- Ningún centro escolar poderá comprometer gastos a cargo do financiamento da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre antes de remitir a Voz Natura a citada relación de material e ser autorizado expresamente por escrito para realizar contratacións por un importe determinado. Nesta autorización hasse especificar o procedemento para a realización das compras dos materiais solicitados. En ningún caso a axuda concedida se fará en metálico.

11.- Co fin de garantir a realización dos proxectos, a dirección de cada centro asumirá a responsabilidade, en última instancia, da súa total execución.

Desenvolvemento de actividades

12.- O desenvolvemento dos proxectos comenza co inicio do curso escolar 2011-2012. A efectos de valoración final do proxecto, os centros deberán remitir a Voz Natura a memoria do traballo realizado antes do **30 de abril do 2012**. Os centros responsabilizaranse da coordinación e da elaboración dos traballos e velarán porque o seu contido non sexa ilícito, ofensivo e/ou discriminatorio, nin lesione bens ou dereitos, incluídos dereitos de imaxe, de terceiros.

13.- O comité científico avaliará a actuación de cada equipo, o desenvolvemento dos traballos e os resultados obtidos. Estas avaliacións hanse ter en conta á hora de proceder á valoración dos proxectos e distribución dos premios cos que está dotado o programa e dos que se informará oportunamente a través dos medios da Corporación Voz de Galicia.

14.- O proxecto aprobado de forma definitiva non poderá ser modificado parcial nin totalmente sen a correspondente autorización previa da dirección de Voz Natura.

15.- Sen prexuízo da certificación á que, no seu caso, poidan ter dereito os coordinadores dos proxectos Voz Natura de centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade coa base 3 anterior, todos os equipos e centros representados no programa recibirán un diploma de participación emitido pola

Fundación. Aqueles centros que, ao xuízo do comité científico, desenvolvan os proxectos de maior interese, recibirán uns premios que serán entregados nun acto público. Estes premios estarán suxeitos á lexislación vixente e, en particular, á normativa vixente en materia de retencións e pagos a conta.

16.- O feito de participar no programa implica a cesión en exclusiva polos autores á Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre dos dereitos de explotación sobre os traballos, incluíndo os dereitos de reprodución, recompilación en libro, transformación, distribución e comunicación pública, para todo o mundo, polo máximo prazo de tempo que reconece a lei aos titulares dos dereitos e por calquera medio ou soporte, incluído Internet.

Disposición final

17.- Os participantes no programa Voz Natura, polo feito de participar, aceptan as presentes bases, así como as decisións que puidese adoptar a dirección de Voz Natura a efectos da interpretación ou resolución de cuestións non recollidas nas mesmas. As decisións do comité científico e o ditame do xurado calificador dos traballos son inapelables.

Protección de datos

18.- Os datos persoais dos profesores participantes no programa serán incluídos nos ficheiros que a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre ten debidamente inscritos na Axencia de Protección de Datos e que cumpren todos os requisitos da Lei Orgánica 15/1999 e do Real Decreto 1720/2007 que a desenvolve.

Todos os datos solicitados aos profesores participantes son necesarios para a súa inclusión no programa e serán destinados á xestión e organización do mesmo. Nese mesmo sentido, os profesores declaran que teñen o consentimento dos pais ou titores legais para que a Fundación poida tratar os datos e imaxe dos menores aos que poidan dar acceso ou que poidan facer chegar á Fundación para a realización, xestión ou divulgación do programa Voz Natura.

O nome e a imaxe dos participantes, así como o nome dos centros aos que pertencen, poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións presentes ou futuras que poida desenvolver a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sempre que esta comunicación pública estea relacionada coa súa participación no programa. Quedan recoñecidos, no entanto, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, que poderán ser exercidos, previa acreditación da personalidade ou da representación, a través do correo electrónico lopd.fundacion@lavoze.es, ou ben na seguinte dirección da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre: Avenida da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15142, Arteixo (A Coruña).

Con idénticas finalidades, os interesados consenten expresamente a cesión dos datos contidos no ficheiro ás empresas do grupo ao que pertence a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre que pode atopar referenciadas na páxina web lavoze.galicia.es.